


LIBRO DE ASISTENCIAS

1_ CHAN DURO / RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN O VENRES 28



Pavillón Polideportivo do Porriño.

Normas de uso:

- 1_ Recollida de documentación, na Recepción do Pavillón, de 20.00 a 22.00 h.**
- 2_ Acceso a chan duro, no Ximnasio do Pavillón, de 22.30 a 24:00 h.**
- 3_ Posibilidade de acceso ás duchas, pero non ó resto de instalacións do Pavillón (estará acotada a zona con vallas) xa que pola noite estará activada a alarma no resto de dependencias.**
- 4_ Desaloxo do Ximnasio ás 08:00 horas. Non poderá deixarse nada no local.**
- 5_ Coordenadas do Pavillón Municipal de Porriño:**
Latitude_42°9'36,5" e Lonxitude_8°36'45,00" / X:532.015,00 Y:4.667.709,40

2_ TO/ RECOLLIDA DE DOCUMENTACIÓN O SABADO 29.



Parque do Cristo e Praza do Concello do Porriño

Normas de uso:

1_ Acceso a TO, Boxes previos á Saída no Parque do Cristo, de 07.30 a 08:30 h.

Só se poderá acceder a esta zona, zona peonil de acceso restrinxido para descargar o material na Praza onde están situados os Boxes, no sentido de circulación indicado en liña azul claro.

2_ Acceso a Parking Reservado , de 07.30 a 08:30 h.

Só se poderá acceder a esta zona, zona de Parking de acceso restrinxido para os vehículos de asistencia do Raid, no sentido de circulación indicado en liña azul Escuro.

3_ Recollida de documentación, na Praza do Concello, de 07.30 a 08.30 h.

4_ Os equipos os que lle vaia a facer a Asistencia a organización deberán deixar unha única caixa/mochila de dimensións aproximadas 80x40x50 na Furgoneta da organización antes do inicio do Breafing, ou sexa, 08:40. Tamén os Remos e/ou espaldeiras do Kaiak.

3_ T1/ FARO DE BUDIÑO.



Saída cara a N-550 en dirección TUI / PORTUGAL.



A 3 km coller enlace cara a PO-510 baixo a ponte da A-55



A 2 km coller enlace cara a PO-407 , Saída Budiño.



A 1,5 km, tras pasar o Colexio, coller desvío á esquerda cara o Faro de Budiño.

Olo á Forte pendente en este primeiro tramo de acceso ó Faro.



T1 no FARO de BUDIÑO

Normas de uso:

1_ Acceso a T1 en Descampado acotado a tal efecto. Aparcade con xeito para que collan todos os vehículos xa que a asistencia se vai a facer nos coches/furgos.

2_ Non ocupar a Zona Acotada para os equipos sen asistencia, xa que está reservada para as caixas que vai a trasladar a organización así como as bicis dos equipos.

3_ Moito ollo!! Só está permitida a asistencia ós equipos á súa chegada en BTT do Sector 1.

Non está permitida á asistencia (e polo tanto o relevo de compoñente en equipos Aventura nin Orienta-Raid) á chegada do Trekking / Rappel do Subsector S2.1.

Isto supón que o mesmo corredor que fai este subsector S2.1 é o mesmo que colle a BTT para baixar a Salceda no subsector S2.2.

Isto será controlado extrictamente coa pinza SI e sancionado coa perda de todos os puntos do Sector 2 completo.

De feito recoméndase á saída dos vehículos de asistencia inmediatamente unha vez os corredores comecen o Sector 2 xa que o tempo de baixada estímase en uns 20 minutos, o mesmo tempo que poden chegar a empregar os corredores en BTT recortando balizas (recordade que en Salceda, na T2, hai unha hora de Peche!!)

4_ Os equipos ós que lle vaia a facer a Asistencia a organización atoparán a súa caixa na zona acotada para a asistencia de estes equipos.

Estes deberán volver a deixar a súa caixa/mochila na Furgoneta da organización antes do inicio do Sector 2 (subsector 2.1).

5_ Coordenadas do Faro de Budiño:

Latitude_42°7'45" e Lonxitude_8°34'45" / X:534.503,00 Y:4.664.280,00

4_ T2/ PRAZA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS.



Saída cara a PO-407 en dirección SALCEDA DE CASELAS.



T2 na Praza do Concello de SALCEDA DE CASELAS.

—

Copyright © 2009 John Wiley & Sons, Ltd.

[illegible]



En ALXÉN coller CP-9003 dirección MOREIRA



T3 na PONTE DAS PARTIDAS, MOREIRA

Normas de uso:

1_ Acceso a T3 en Descampado no Aparcadoiro do Campo de Fútbol de MOREIRA. Aparcade con xeito para que collan todos os vehículos xa que a asistencia se vai a facer nos coches/furgos.

2_ Non ocupar a Zona Acoutada para os equipos sen asistencia, xa que está reservada para as caixas que vai a trasladar a organización así como as bicis dos equipos.

3_ Os equipos ós que lle vaia a facer a Asistencia a organización atoparán a súa caixa na zona acoutada para a asistencia de estes equipos.

Estes deberán volver a deixar a súa caixa/mochila na Furgoneta da organización antes do inicio do Sector 4 (subsector 4.1).

4_ Moito ollo!! Os compoñentes que saian a facer o KAIK do Subsector 4.1 serán os mesmos que fagan o Subsector 4.2 xa que non hai asistencia no punto de saída do Kaiak.

Non está permitida á asistencia (e polo tanto o relevo de compoñente en equipos Aventura nin Orienta-Raid) á chegada do Kaiak do Subsector S4.1.

Isto será controlado extrictamente coa pinza SI e sancionado coa perda de todos os puntos do Sector 4 completo.

5_ Coordenadas da Ponte das Partidas, Moreira:

Latitude_42°8'50" e Lonxitude_8°30'44,3" / X:540.300,00 Y:4.666.305,00

6_ T4/ PRAZA DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Para acceder á T4 simplemente hai que desfacer o camiño indicado no punto anterior.

Normas de uso:

1_ Acceso a Boxes da T4.

Só se poderá acceder a esta zona, zona peonil de acceso restrinxido, para descargar o material na Praza onde están situados os Boxes.

2_ Acceso a Parking Reservado.

Unha vez descargados os vehículos, (rógase permanecer o menos tempo posible na zona) estes deberán desprazarse ata o Parking Reservado para os vehículos do Raid.

3_ Os equipos ós que lle vaia a facer a Asistencia a organización atoparán a súa caixa na zona de acceso ós Boxes sitos na Praza do Concello.

Estes deberán volver a deixar a súa caixa/mochila na Furgoneta da organización antes do inicio do Sector 5.

7_T5/ META _PARQUE DO CRISTO DE O PORRIÑO.



Saída de Salceda de Caselas cara ó Porriño



Acceso á Autovía A-55 dirección VIGO



Saída da Autovía A-55 dirección O PORRIÑO

Normas de uso:

1_ Acceso a T5, Boxes previos á META no Parque do Cristo.

Só se poderá acceder a esta zona, zona peonil de acceso restrinxido para descargar o material na Praza onde están situados os Boxes, no sentido de circulación indicado en liña laranxa.

2_ Acceso a Parking Reservado.

Só se poderá acceder a esta zona, zona de Parking de acceso restrinxido para os vehículos de asistencia do Raid, no sentido de circulación indicado en liña azul Escuro.

3_ Unha vez rematado o Raid, ás 19,00 h., os corredores poderán facer uso das Duchas sitas no Pavillón 2. Para acceder ó mesmo débese facer o percorrido sinalado en liña verde.

As duchas deben abandonarse antes das 20.00, hora a que pecha o Pavillón.

4_ O Pincho final de Carreira, así como a entrega de Premios realizarase na PRAZA DO CONCELLO de O PORRIÑO ás 20.00 h. Para acceder ó Paking reservado para o Raid débese desfacer o percorrido indicado en verde anterior.